

## **BASES DA CAMPAÑA LETRAS GALEGAS 2022 “OS VIEIROS DE FLORENCIO”**

1º. A asociación Centro Comercial Aberto (CCA) O Barco colabora cos *Equipos de Dinamización da Lingua Galega* dos centros educativos de O Barco (IES Martaguisela, IES Lauro Olmo, CEIP Julio Gurriarán, CEIP Condasa de Fenosa, CEIP Otero Pedrayo e Colexio Plurilingüe Divina Pastoria) na organización da campaña “*Os Vieiros de Florencio*” para festexar as Letras Galegas 2022 que homenaxean ó poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

2º. Un total de **44 establecementos asociados** ó CCA O Barco participan na campaña, expoñendo nos seus escaparates, fotografías con versos de Florencio Delgado Gurriarán, elaboradas polo alumnado dos centros educativos. **Dende o xoves 12 de maio e ata o martes 31 de maio**, os cativos da comarca poderán participar nunha xincana da seguinte maneira:

- O CCA O Barco repartirá 2.000 folletos de participación entre os centros educativos e os establecementos participantes na campaña.
- O alumnado deberá buscar as fotografías con versos de Florencio Delgado Gurriarán, asociar ditas fotografías co verso correspondente indicado no folleto e selar o folleto no establecemento.
- Ao completar o folleto de participación, se depositará, cos datos persoais, nunha urna localizada na oficina do CCA O Barco (c/ España, 1).
- Entre todos os participantes sortearase un vale de 50€ para investir nas librerías asociadas: Caprichos, Librería Murciego, Librería Praxis y Librería Yoli.
- Paralelamente, o CCA O Barco premiará a mellor fotografía de cada centro educativo con vales de 25€ para material escolar.

3º. O sorteo celebrarase o luns 6 de xuño de 2022 ás 13:30 horas na oficina do CCA O Barco. A entrega de premios terá lugar o martes 7 de xuño na Praza do Concello de O Barco, contando coa participación da totalidade dos centros educativos de O Barco.

4º. O CCA O Barco promocionará a campaña a través dos medios de comunicación, das redes sociais (Facebook e Instagram) e da páxina web [www.obarcoaberto.com](http://www.obarcoaberto.com). Ademais, elaborará carteles de promoción que entregará ós establecementos participantes.

5º. A participación no sorteo de dita campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos de identificación facilitados polos participantes nos folletos de participación, única e exclusivamente para os fins propios desta campaña. Esta autorización é extensiva á imaxe dos gañadores para os efectos de publicidade do resultado da campaña, no caso de necesitar ditas imaxes. O incumprimento de estas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación na campaña.

6º. O CCA O Barco xestionará os datos persoais facilitados polos participantes nesta campaña con estricto cumprimento de todos os requisitos exixibles por la Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

7º. O CCA O Barco se reserva o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

O Barco de Valdeorras, maio 2022